

## O GALEGO DE FILGUEIRA VALVERDE

Francisco Fernández Rei  
Instituto da Lingua Galega  
Universidade de Santiago de Compostela

**Resumo:** Despois dunhas consideracións sobre o galego das tres “coroas” do Rexurdimento –galego popularizante na obra de Rosalía e na de Curros, pero non na de Pondal– tratarei o galego enxebrista ou diferencialista de Filgueira Valverde da produción literaria anterior á guerra do 1936, a partir da análise da lingua das narracións *Os nenos* (1925) e *O Vigairo* (1927) e da obra teatral *Agromar* (1936). Na morfoloxía nominal e verbal destas obras Filgueira emprega formas do galego da súa Pontevedra natal, xunto con solucións diferencialistas con tradición literaria propias doutras áreas. No léxico é xeral a hipergaleguización, característica dos autores do primeiro terzo do século XX, á vez que enriquece a súa prosa con algúns préstamos de linguas modernas e, sobre todo, con arcaísmos, seguindo neste caso o ronsel de López Ferreiro. N’*O Vigairo* hai unha gran riqueza de voces mariñeiras populares, unhas moi usadas actualmente, outras son xa literarias por designaren embarcacións desaparecidas. Algunhas delas xa as introduciran no galego literario o pontevedrés Xoán M. Pintos ou o cambadés Ramón Cabanillas, pero outras documéntanse por primeira vez na historia do galego escrito nesta obra de Filgueira.

**Abstract:** After some considerations about the three Galician “crowns” from *Rexurdimento* –the Galician popularizing in the literary work of Rosalia and Curros, but not in the Pondal– I will study “enxebrista” or differential Galician of Filgueira Valverde from his work before the war of 1936, starting with the analysis of the language in the narrations *Os nenos* (1925) and *O Vigairo* (1927) and the play *Agromar* (1936). In the nominal and verbal morphology of these works, Filgueira employs Galician forms from his native Pontevedra, along with differential solutions with literary tradition in other areas. In the lexicon is general the “hipergaleguización”, characteristic of the authors of the first third of the twentieth century, while it enriches his prose with some loans from modern languages, especially with archaisms, like for instance the word “ronsel” of Lopez Ferreiro. In *O Vigairo* there are many popular maritime

words, some are very used actually, others are already literary because they designate the disappeared crafts. Some of them already introduced in the literary Galician by Xoán M. Pintos from Pontevedra or by Ramon Cabanillas from Cambados, but others are documented for the first time in the history of Galician writing in this work of Filgueira.

**Palabras chave:** Galego escrito, Rosalía, Curros, Pondal, Filgueira Valverde, léxico mariñeiro.

**Key words:** Galician written, Rosalía, Curros, Pondal, Filgueira Valverde, maritime lexicon.

Antes da miña intervención quero agradecerlle á organización deste Simposio a invitación que me fixo para falar da lingua galega na obra de Xosé Fernando Filgueira Valverde, académico do que ocupei a súa cadeira en setembro do 1999. A primeira vez que vin escrito o seu nome ía facer dez anos, cando comecei a estudar lingua española de 1º de Bacharelato nun manual que el redactara, e da que logo tiña que me examinar como alumno libre no I.B. “Sánchez Cantón” de Pontevedra no que Filgueira era profesor. Téño visto de moción en Cambados cando en agosto viña á festa do Albariño, da que tamén eran habituais Álvaro Cunqueiro, os Álvarez Blázquez e outros galeguistas. Sabía que era el porque un día que el entraba no Parador do Albariño –non era pola festa– alguén me dixera daquel home de corpo, “ese é Filgueira Valverde”; e quedoume ben gravada a súa fasquía e o seu xeito de andar.

O meu primeiro coñecemento da súa valía científica forneceuma Ricardo Carballo Calero, cando nas clases de lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela falaba do *Vocabulario galego do bacharel Olea*, que Filgueira descubriera no 1935 e que publicara no 1947, un breve texto do séc. XVI que adiantaba en dúas centurias o comezo da lexicografía galega, xa que antes dese achado se consideraba que Sarmiento e Sobreira foran os pioneiros nese eido. E sobre todo souben da súa valía como investigador cando Carballo nas clases de literatura medieval o citaba, e de xeito especial o seu traballo sobre “Lírica medieval gallega y portuguesa” do 1949, referencia obrigada durante anos para os estudosos da nosa poesía medieval.

Téño saudado moitas veces no Instituto da Lingua Galega (ILG) cando viña ás reunións do Padroado desta institución en representación do Instituto Padre Sarmiento e, sobre todo, cando asistía na sede do ILG ás reunións do plenario da Comisión de Toponimia. E por un tema relacionado coa toponimia galega coído que foi a primeira vez que en realidade tiven contacto con el, á parte do simple

saúdo. No 1981, se cadra o ano seguinte, eu acompañara a Antón Santamarina a Madrid a un tribunal de oposicións e logo á sede do Instituto Xeográfico Nacional, onde Santamarina quedara con Filgueira para estudiaren cos responsables dese Instituto a posible galeguización dos mapas 1/25.000 correspondentes a Galicia, obxectivo que se cumpriu plenamente cando a Xunta de Galicia publicou no 2003 o *Nomenclátor de Galicia* despois de anos de traballo da Comisión de Toponimia na que Santamarina foi esteo fundamental.

Posiblemente a derradeira vez que falei con el fose o 7 de xullo do 1990 cando, como Presidente do Consello da Cultura Galega, viñera a Vilafranca do Bierzo á clausura do Simposio de Antropoloxía *Lindeiros da galegitude* organizado polo Consello. Eu fora falar da situación lingüística do galego nas comarcas do Eo-Navia, do Bierzo e das Portelas e asemade presentar unha proposta que redactaran Xoán Babarro e Antón Santamarina relativa á implantación do galego nesas comarcas por parte do Ministerio de Educación e Ciencia, proposta que uns meses despois asumiu o plenario do Consello da Cultura. Na sobremesa do xantar de clausura dese Simposio, Filgueira abraioume (e creo que a moitos dos presentes) cun discurso, sen papel ningún, no que falaba do Padre Sarmiento, que tan ben coñecía, e no que fixera unha forte defensa da galegitude da “Galicia irredenta”, como lle chamaban os vellos galeguistas ás comarcas estremeiras galegófonas. Fora tal o entusiasmo que puxera ó falar de Sarmiento e dos estudosos desa zona, que eu esquecera completamente que o xantar consistira, fundamentalmente, nun cocido berciano a base de botelo, excelente sen dúbida, pero non para o mes de xullo, un día da abafante calor típica de verán dese foxo que é O Bierzo.

Uns anos despois, cando preparei a súa *laudatio* para o meu discurso de ingreso na Real Academia Galega foi realmente cando souben do inmenso labor deste polígrafo pontevedrés, que traballou durante tantos anos en moi variados eidos da cultura, na investigación filolóxica e na creación literaria, na arqueoloxía e na historia, na música e nas belas artes, á vez que impulsou institucións e publicacións varias nas que a defensa de Galicia e da súa cultura sempre era o norte.

## 1. O GALEGO POPULARIZANTE

Como sinalou Monteagudo (1997: 24), a liña central da elaboración do galego moderno caracterízase por ser “extremadamente flexible pero cada vez máis esixente, moderadamente populista, loitando incansablemente por ceibarse do lastre do castelán e tendencialmente máis intransixente cara a esta lingua, polo tanto, purista e diferencialista, e moi aberta ó empréstimo portugués”. Nese proceso de codificación Fernández Salgado e Monteagudo Romero (1995: 177 ss.) sinalan catro etapas cronolóxicas nun proceso acumulativo e de evolución

ascendente: (1) galego popularizante, de comezo a finais do séc. XIX; (2) galego enxebriante ou diferencialista, de finais do séc. XIX a 1936; (3) galego protoes-tándar, do 1936 á década de 1970; e (4) galego estándar, do final desta década á actualidade.

Dado que Filgueira comezou a escribir sendo un mociño e dada a súa lonxevidade (naceu no 1906 e faleceu no 1996), o seu galego escrito abrangue as etapas 2, 3 e 4; pero na miña intervención só me vou centrar na súa obra literaria anterior a 1936, no Filgueira da xeira do Seminario de Estudos Galegos, que corresponde á do galego enxebriante. Antes farei unhas consideracións sobre a fase inicial, sobre a lingua das tres “coroas” do Rexurdimento<sup>1</sup>.

Na primeira fase da elaboración moderna da lingua, que abrangue practicamente todo o séc. XIX, é evidente un forte arrecendo a galego oral e popular, con predominio de solucións dialectais e interdialectais na morfoloxía e con abundancia de vulgarismos e castellanismos léxicos; con todo, en autores de comezos do séc. XIX como Fernández Neira, Boado Sánchez e especialmente en Xoán Manuel Pintos, na metade do século, “late un sentido de la unidad del gallego que, por razones teóricas o prácticas, quiere desembocar en la fijación de una lengua común” (Carballo 1974: 35-36). Na lingua literaria das tres “coroas” existen notables diferenzas, de aí que o termo popularismo lle acaia moi ben a Rosalía, só en parte a Curros e practicamente nada a Pondal, que realiza un esforzo inmenso de depuración e modernización do idioma.

Rosalía de Castro presenta interdialectalismos morfolóxicos nas terminacións latinas –ANU, –ANA (*man / maus, mans, grau; mañán, lan*), nos plurais en –n (*coraçons, canciós* e raramente formas como *traizoes*) e nos plurais en –l (o xeral son formas como *toxales* e esporádicos os plurais de *azues, mortais*); e usa sempre o pronome suxeito *ti*, forma innovadora propia do galego do bloque occidental e parte do bloque central. Emprega vulgarismos fonéticos (*craro, enxempro*) e morfolóxicos (*craridá*) e no léxico usa moitos castellanismos de luxo (*suelo, dicha*), que poden estar disfrazados (*pueblo, robe*); e ás veces concorren a forma castelá e a galega (*calles e rúas, demonio e demo*). Son escasos os hipergaleguismos ou creacións ultracorrectas, aínda que se rexistran formas como *estrano* e *cristaiño*, ás que se poderían engadir as citadas *craro* e *enxempro*.

Na obra poética de Curros Enríquez hai solucións dialectais características do seu galego lucu-auriense, como as terminacións –au masc. / –á fem. (*chau, grau; mazá, mañá* e tamén *mañán* coa solución occidental); os plurais en –s (*corazós, desdés, algús*), aínda que se rexistra algún exemplo do galego occidental –ns (*cans*), mesmo en alternancia coa solución de Celanova (*bens* e *bes*); e os

1 Sobre a lingua de Rosalía, Curros e Pondal sigo o redactado en Fernández Rei (2013: 11-14).

pronomes *il* e *iste* (pouco usados), a carón de *el*, *este*. Outros “ourensanismos” son *faguer* en *Aires da miña terra* (n’O divino *sainete* rexístrase *facer*), *traguer*, *pór* (con máis rexistros ca *poñer*) e adverbios como *eiquí*, *uxe*, que alternan cos xerais *aquí*, *hoxe*; algunhas destas formas (*faguer*, *eiquí*, entre outras) pasarán ó galego de Filgueira. Tamén hai solucións morfolóxicas do galego occidental, seguramente por influxo rosaliano, coma o pronome *ti*, con máis ocorrencias có “ourensán” *tu*, e formas verbais como *chamás*, *amés*.

No léxico de Curros hai un claro criterio diferencialista, inexistente en Rosalía, xa que evita formas galegas idénticas ás castelás, que substitúe por un sinónimo galego (*bágoa* e *bagulla* no canto de *lágrima*, *beizos* máis usado ca *labios*) ou por un termo afín (*rubir* por *subir*), á vez que emprega voces como *primaveira*<sup>2</sup>, *hourizonte*, *hixene* (e *hixiénico*), *brilar* (e *brillar*), *montana*, *iñorar* ou *praneta* para darlles forma galega sobre todo ós cultismos e afastalos das voces castelás correspondentes. Cabanillas, autores da Xeración Nós (particularmente Otero Pedrayo) e da xeración do Seminario de Estudos Galegos, caso de Filgueira, seguen ese ronsel diferencialista de Curros, pero van moito máis, particularmente Pedrayo.

Eduardo Pondal emprega solucións dialectais da súa comarca bergantiñá, coma o uso constante de formas en *-án* masc. e fem. (*vran*, *irmán*, *avelán*), plurais *-ns*, desinencias de pretérito *-ío* por *-iu* (*morrió*, *perdíu*, *fluxíu*) e terminacións *-ano*, *-eno*, *-ino*, solucións case xerais na súa obra verbo de *-aron*, *-eron*, *-iron*, que tamén se documentan no autor de *Queixumes dos pinos*. No léxico rexístranse castelanismos (*valle*, *ciudade*, *peligro*, *siglo*, *gallego*), que poden concorrer coa forma galega (*sembrar* e *semente*, *siñal* e *sinal*) ou presentarse con aparencia galega (*cenicenta*, *lexano*, *tembrar*), e hai algún hipergaleguismo (*concencia*, *obedente*, *postrimeirías*).

Na súa procura dunha “lingua de ouro”, o máis salientable na lingua de Pondal é o coidado nas escollas léxicas. Emprega formas máis “galegas” como *leda*, *ergue* no canto das voces de uso común que coinciden coas castelás (*alegre*, *alza*); usa algunhas formas portuguesas como *aguardar* (concorre con *gardar*) ou *formoso* e moitos cultismos (*aspérrimo*, *ínculto*, *prono*), ás veces da súa invención (*férrido*, *pátrido*). Do portugués poida que procedan termos como *cor*, *dor* (alternan con *color*, *dolor*), que noutros autores se rexistran coa forma medieval (*coor*, *door*), *descer* (alterna con *descender*) e, se cadra, en Pondal tamén é lusismo *ouvir*. Esta forma, con tradición literaria a comezos do séc. XX, é propia do galego meridional arraiano con Portugal, mais non das falas bergantiñás.

2 O termo *primavera* é xeral en todo o dominio lingüístico galego para a estación que está entre o inverno e o verán (Fernández Rei 2003: mapa 121). Na rede de 167 puntos do ALGa rexistrouse *primaveira* en 33 puntos espallados por todo o territorio como única forma ou en concorrencia con *primavera*, sendo esta a habitual nos casos de concorreren. Outra forma popular documentada foi *primadera* no occidente da Coruña e nalgún punto de Lugo.

## 2. O GALEXO ENXEBRIZANTE

Na etapa do galego enxebrizante ou diferencialista que vai de finais do séc. XIX a 1936 e na que se inclúe a lingua literaria do primeiro Filgueira, continúa o (inter)dialectalismo morfolóxico, con algún supradialectalismo que se consolida, coma o pronome *ti* suxeito. O léxico modernízase con formas do galego medieval que van desprazando as patrimoniais castelanizadas, como ocorre con *castelán*, *eirexa*, *galego*, *testemoio*<sup>3</sup> e tantas outras, á vez que nas décadas de 1920 e 1930 se incorporan voces portuguesas como (*a*)*benzoar*, *degrao*, *encosta* ou *hesitante*. Estes lusismos non se rexistran no Filgueira anterior a 1936, pero si os medievalismos citados, agás *testemoio*.

Á parte do portugués, as linguas modernas de cultura son tamén fonte de modernización léxica; con todo, o que mellor define a etapa enxebrizante é a hiperalienación ou hiperidentificación, pois dásele preferencia a formas diferentes das patrimoniais comúns ás castelás (son constantes hiperdiferencialismos como *rubir*, *bágoa*, *intre* verbo de *subir*, *lágrima*, *momento*), á vez que se hipergaleguizan cultismos (*outo*, *perfeito*, *zoa* por *alto*, *perfecto*, *zona*) e formas patrimoniais (*montana*, *orgullo*, *primaveira* por *montaña*, *orgullo*, *primavera*). A hiperidentificación está moi presente no galego de Filgueira; e como máis adiante se verá, todos estes exemplos (agás *zoa*), e moitos máis, rexístranse no seu galego enxebrista.

No período de entre séculos o historiador e arqueólogo compostelán López Ferreiro tivo un importante papel na elaboración da prosa galega moderna, coas súas novelas románticas de corte histórico, escritas á maneira de Walter Scott. O seu léxico está inzado de vulgarismos e de castelanismos (*dicha*, *pueblo*, *nogal*, *castillo*, *Dios*), pero ten escasos hipergaleguismos. O máis salientable deste autor, bo coñecedor dos documentos galegos medievais, é a introdución no galego escrito de arcaísmos léxicos (*avínça*, *cibdá*, *freira*), de arcaísmos morfolóxicos coma os plurais en *-l* (*oficiaes*, *xeneraes*, *civiis*, a carón de *oficiás*, *mortales*) e os sufixos *-za*, *-zo*, *-zon* (*Galiça*, *xuíço*, *serviço*, *situaçon* xunto a *Galicia*, *xuicio*, *servicio*, *situación*)<sup>4</sup>.

Constante é o uso que fai de formas con vogais dobradas propias do galego medieval (*abelaa*, *door*, *raçosos*, *veer*), mentres que a presenza do grupo medieval *sc*, gráfico e non fonético, é insólito na obra de López Ferreiro (*parescía*, *ptes-cen*), pero é frecuente no período de entre séculos en textos dramáticos e poéticos do coruñés Galo Salinas e nos poemas históricos do tamén coruñés Francisco Tettamancy Gascón<sup>5</sup>.

3 No galego estándar actual as formas empregadas son *igrexas* (port. *igreja*) e *testemuño* (port. *testemunho*) no canto deses arcaísmos.

4 Sobre a lingua de López Ferreiro vid. Fernández Rei (2013: 14-15).

5 Sobre o arcaísmo en López Ferreiro, Salinas e Tettamancy vid. Fernández Rei (2001: 22-31).

Estas solucións gráficas, morfolóxicas e léxicas tomadas do galego medieval, algunhas documentadas antes de López Ferreiro, dun xeito ou doutro están no galego literario do primeiro Filgueira e de coetáneos seus. Seguramente coñecía ben a obra dese historiador compostelán, aínda que dado o seu bo coñecemento da nosa lírica medieval posiblemente non necesitaría recorrer a el para modernizar o seu galego escrito con termos medievais.

### 3. O GALEGO PONTEVEDRÉS DE FILGUEIRA

Para o estudo da súa lingua baséome en dúas breves obras narrativas, *Os nenos* (1925)<sup>6</sup> e *O Vigairo* (1927)<sup>7</sup>, e na obra teatral *Agromar* (1936), cunhas zugasas “verbas limiares” de Filgueira e texto do escolante J. Acuña, pseudónimo do autor. Nesta obra algúns personaxes falan en castelán, ás veces con galeguismos habituais.

A exemplificación está tirada das edicións impresas que Santamarina usou para a versión electrónica destas obras para o *TILG*, que tamén consultei, especialmente para ver as primeiras documentacións de parte do léxico analizado. Nalgúns exemplos d’*O Vigairo* fago referencia á forma impresa publicada e á corrixida no *TILG*, correccións con autorización de Filgueira, tal como consta nas notas manuscritas de Santamarina dos textos que manexei.

#### 3.1. GRAFÍA

Na fasquía gráfica o galego de Filgueira é o común da época. Emprega o guión cando aparece o almorfo *lo* do artigo (*pol-o*, *pol-a*, *amostranol-o seu espírito*, *total-as suas referenzas*), mesmo en formas que non se recollen na normativa vixente pero que son do galego oral (*namental-o home*, *soltal-as trenzas* co participio “soltas”); cando hai un iode epentético entre o *a* artigo e palabra que comeza con *a* (*a i-aba do Castrove*, *A i-agua dos remos*<sup>8</sup>, *a i-alma dun gran Vigairo*, *panel da i-arca*) ou coa variante asilábica da conxunción copulativa *e* (*ruas tortas i-estreitas*). Usa ás veces o apóstrofo en encontros de preposición e pronome (*n’el*, *d’il*) ou co artigo *a* (*pr’a festa*).

Todos estes exemplos son d’*O Vigairo*, pero fai o mesmo emprego do guión nas outras obras analizadas. Así, n’*Os nenos* pode lerse *pol-as*, *total-as seráns*, *namentrel-os meus país*, *coa sua i-ama*, *i-o feixe de xoguetes*; e en *Agromar* é constante en casos como *pol-o*, *total-os seus temas*, *luxal-a sua sona*, *na i-auga*, *pol-a i-alma*, *I-en*

6 *Os nenos*, Edición Lar, imprentada en Pontevedra no 1925, con ilustracións de Luís Pintos Fonseca, cuberta e contracuberta de Alfonso R. Castelao e datada en Compostela o 4 de febreiro do 1925.

7 *O Vigairo. Ensaio simbólico, orixinal e inédito*, Imprenta Lar, A Cruña, 1927, con cuberta de Camilo Díaz Baliño e datado en Pontevedra en xuño do 1925.

8 Tamén usa o guión nalgún caso co artigo plural: *as i-augas invermizas*.

*forza, I-anque* e en formas como *co-él*. Nesta obra usa o apóstrofo en formas como *d'eso* ou en *que ll'aquecera* para marcar neste caso a perda da vogal do pronome *lle* común no galego oral; tamén aparece en casos de disimilación haplóxica (*n'os vin* por *non os vin*), fenómeno hoxe moi vivo en falas do Salnés e noutras falas occidentais, e en *ti n'es home de faguer*, onde se propaga o adverbio de negación reducido *n'*.

No encontro da preposición *a* e o artigo *o(s)* usa a forma contracta *ó(s)*, con tradición no galego literario, tanto *n'Os nenos* coma *n'O Vigairo*, mentres que en *Agromar* emprega sempre a forma sen contraer *ao(s)*, á portuguesa<sup>9</sup>.

Hai mostras de seseo explosivo propio do galego pontevedrés: *asoutas, criansa, tersopelo n'Os nenos; asios, fasulas*<sup>10</sup>, *sugar n'O Vigairo*. Do seseo implosivo hai moitos rexistros nas tres obras analizadas: *des, lus, pas, ves, xues n'Os nenos; balús 'baluce', cativés, Leres (e Lerez), lus, pas, rapás, ves n'O Vigairo; rapás, ves* en *Agromar*.

### 3.2. MORFOLOXÍA

Filgueira emprega solucións morfolóxicas propias do seu galego pontevedrés, pero tamén outras con tradición literaria propias de autores de diferentes áreas, especialmente formas diferencialistas verbo do castelán.

É xeral nas tres obras analizadas o uso de *-án* masc. e fem. nas formas latinas terminadas en *-ANU, -ANA*, característica do galego occidental, como se ve *n'O Vigairo* en (*cimeteiros*) *aldeáns, no chan, (estrada, terra) chan, (vilas) casteláns, cristián* (referido ó *Vigairo*) e *mañán*. *N'Os nenos* rexístrase *o chan, a chan (de un regato), (o meu) irmán, (a miña) irmán e a serán*, pero tamén (*roupa*) *cotiá e ventás* coa terminación *-á* fem. propia do galego centro-oriental e hoxe do estándar. En *Agromar* é constante esa terminación pontevedresa: *chan, san, vran; (xente) aldeán, (miña) irmán, (citra) levián, mañán e mazáns*, pero (*pedra*) *grá*<sup>11</sup>.

O plural *-ns* occidental é constante nas tres obras: *irmáns, mans, pendóns e seráns n'Os nenos; arxóns, brasóns, cibdadáns* (pero *atafegos cidadás*), *cons, dormiñóns, patróns, pescantíns, triviums urbáns e xeneracións n'O Vigairo; e colaboracións, estrobáns, irmáns, mans e mazáns* en *Agromar*.

Na formación dos plurais en *-l* rexístrase en Filgueira a variación que daquela había no galego escrito. Así, *n'O Vigairo*, xunto á solución moi popular en *-les*, idéntica á castelá (*boureles, impeles e pinales*), documéntase un insólito plural *-ls*

9 En *Agromar* (1936: 52), escribe *cara o monte*, non *cara ao monte*; no TILG lese *cará ó monte*.

10 *N'Os nenos* usa a forma *fazulas*, sen seseo, e *meixelas*, forma literaria que García Mosquera introduciu no galego escrito moderno no 1851, mentres que *fazula* a introduciu Cristobo de Xallas no 1846.

11 Para a variación dialectal no galego oral deste fenómeno e dos que se analizan neste apartado vid. Fernández Rei (1990: 59-103).



(*casals, cubils*<sup>12</sup>, *mestrals, soportals, xurels e vals*), propio do catalán e do aragonés, pero non do galego oral, con algún rexistro da solución *-es* do galego arcaico e do portugués literario da época (*areaes*) e da solución *-is* (*liñois, papeis*), que é a do estándar actual. No limiar de *Agromar* emprega a forma de plural tradicional do galego occidental e central en *somas e papés*, e en *milleirás* na peza teatral.

O pronome persoal suxeito da P2 é sempre *ti*, do galego occidental e parte do central e do galego literario, mesmo de escritores que teñen *tu* no seu idiolecto. Emprega nas tres obras o pronome persoal *el*, pero n'Os *Vigairo* hai algún rexistro do *il* lucu-auriense. Este diferencialismo morfolóxico tamén se ve n'Os *nenos* nalgún caso de *iste*, así mesmo lucu-auriense, e en mostras de *ista* nestas dúas obras da década de 1920, seguramente por influxo da lingua literaria de Otero Pedrayo, forma insólita no galego oral, aínda que se rexistra nalgún punto da área de *iste, ise, aquil*. Con todo, nos demostrativos o xeral é o uso de *este* e *aquel* nas tres obras (e *ese* en *Agromar*) e no neutro as formas do centro-sur pontevedrés *isto* e *iso* n'Os *Vigairo*, pero en *Agromar* documéntase *esto, eso e aquilo*, maioritarias daquela no galego oral.

A vogal temática da P2 dos pretéritos fracos dos verbos en *-er* nas falas occidentais da Coruña e Pontevedra é *e* por analoxía con outras persoas do tema de pretérito, mentres que no resto do dominio galego o xeral é a conservación de *i* etimolóxico. En *Agromar* aparecen as dúas solucións: *colleches* e *morreches*; *adeprendiches, coñociches* e *morriches*.

Na P3 dos pretéritos fracos en *-ir* a terminación é *-eu*, como nos verbos en *-er*, sincretismo na vogal temática propia do Salnés, da zona de Pontevedra e doutras áreas de Galicia. Esta é a solución xeral en Filgueira, que tamén emprega as formas terminadas en *-iu*, as do actual estándar e que son propias de diversas áreas do galego, sobre todo do oriental e da Costa da Morte. N'Os *nenos* rexístranse formas coa vogal *i* (*bulio, fuxiu* e *sorriu*), mentres que nas outras obras aparecen as dúas solucións: n'Os *Vigairo* anotouse *abreu, fuxeu, minteiu, oeu, rubeu, saeu, veu*<sup>13</sup> e *viveu*, xunto con *combatiu* e *serviu*; en *Agromar*, as “pontevedresas” *abreu* e *sufreu*, pero tamén *saíu*.

Na P5 do pretérito concorren a terminación innovadora *-chedes* (*víchedel-a miña filla?* n'Os *Vigairo*, *metéchedes* en *Agromar*), que se rexistra esporadicamente por todo o dominio galego e que tiña tradición literaria por usala, entre outros, Rosalía de Castro. A solución conservadora *-stes*, maioritaria no galego oral e da normativa vixente, emprégaa na forma *fixestes* n'Os *nenos*.

12 No texto impreso aparece *cuñils*, que no TILG Santamarina corrixiu en *cubils*, con autorización de Filgueira.

13 Do verbo *ver*, que no tema de pretérito é un verbo en *-ir*, coa vogal temática *i* propia de *partir*.

Nos verbos irregulares é xeral nas tres obras a forma *ía*, copretérito de *ir*, propia de moitas falas pontevedresas occidentais. Constante é o uso de *faguer*, con moitos rexistros nas obras analizadas, xunto con algúns de *facen* n'Os *nenos* e en *Agromar*.

Do verbo *ouvir*, que non é do seu galego pontevedrés, usa *ouvidos* n'O *Vigairo*, e formas como *ouzo* n'Os *nenos*, que seguro que si se usaba daquela en Pontevedra; emprega o verbo *ouzar* (*ouzarase* n'O *Vigairo*, *ouzo* en *Agromar*), inexistente no galego oral pero con tradición literaria desde finais do século XIX; e tamén o infinitivo *oucir* n'Os *nenos* (e pres. ind. *ouces* en *Agromar*), verbo existente nalgunha fala ourensá próxima a Pontevedra. Ademais, n'O *Vigairo* rexístrase *oeu*, de *oír*, e o castelanismo *oigan*, que na fala popular substituíu o tradicional *ousan* (ou *ouzan*).

En *Agromar* documéntanse formas que hoxe son do estándar como *salla* e *valla*, de *saír* e *valer*, propias da área mindoniense; *sexa*, propia da Limia Baixa; e *trouxen*, de *traer*, que se oe por todo o dominio galego, aínda que no occidente pontevedrés o común era a forma *truien*, que non se rexistra en Filgueira. No pretérito de *ser* concorren a forma innovadora *foches*, do galego occidental, e a conservadora *fuches*, con vogal radical etimolóxica, a maioritaria no galego oral e a solución da normativa vixente.

A forma “ourensá” *eiquí*, propia da área lucu-auriense e tamén de falas orientais do Bierzo e das Portelas e galegas próximas, tiña moitísima tradición no galego literario, pois non só a usaran escritores ourensáns como Lamas, Risco e Pedrayo. Rexístrase nas tres obras de Filgueira, en concorrencia con *aquí* en *Agromar*.

### 3.3. SINTAXE

En xeral ten unha boa sintaxe, con trazos enxebres como a interpolación da negación entre o pronome átono e o verbo con diversos rexistros en *Agromar*: “que *me non* valeu berrarlle”, “Eu *me non* metía en estrapuxas”, “*Me non* trabou de milagro” e “collin aqueles que *me non* aquecen”. Xa o usara n'Os *nenos* en “que me non deixaba vivir!” e n'O *Vigairo* aparecía nunha cantiga: “Lava, lavandeira, lava / lavandeiña do alén / se ti oxo *me non* lavas / *me non* lavará ninguén”.

O que resulta chocante son os casos de teísmo n'O *Vigairo* (“Non *te* pesa a laxe” e “que os de San Xohán *te* coman os cartos”) e en *Agromar* (“culpa miña de *te* roubar o Tulé” e “chama aos demais rapaces e *te* damos un sulago no pozo do crego”). Ademais, nesta obra hai algún caso de cheísmo (“Nunca *che*... vin andar co-él”), xunto con uso correcto de *che* (“que *che* vou leer unha novela” e “cando *che* roubaran o Tulé”).

#### 4. O GALEGO ENXEBRIZANTE DE FILGUEIRA

Na procura dunha lingua literaria enxebre Filgueira, como ocorre en Cabanillas e noutros autores que o precederon, usa nas tres obras analizadas formas non homófonas do castelán, como *ledo* e *ledicia* por *alegre* e *alegría* ou *rubir* no canto de *subir* (“rubían as escadas das Praterias”, *Os nenos*; “rubimos co Arcebispo Lago as escaadeiras do Pazo” e “rube no auto un rapazote”, *Agromar*); con todo, rexístranse casos correctos do uso de *rubir* coa acepción de subir a un lugar valéndose das mans e das pernas (“que ruben pr’a montana”, *O Vigairo*; “rubir aos curutos mais outos”, *Agromar*).

Usa voces feitas de materia galega con espírito castelán, como *arela* (e o verbo *arelar*), substantivo que no galego escrito introducira Aurelio Ribalta no 1910 e que popularizou Cabanillas: “arelabo escoitar o frade”, *Os nenos*; “arela municipal de chegar á cibdade” e “botou o colcho e agardou, arelante, o surdir da rede empanada”, *O Vigairo*; “con máis arelas de forza”, *Agromar*. Filgueira anchea a semántica de palabras como *fasquía*, que no litoral arousán se di, en principio, da feitura dun barco e figuradamente do aspecto físico dunha persoa. Úsaa en *Agromar* para se referir ás mazás: “cada unha ten a súa fasquía, pero hainas de moitas castes”.

Foxe das formas comúns ó castelán hipergaleguizando o léxico, como se sinalou máis arriba. Son moitos os variados exemplos deste fenómeno, que ás veces se rexistran nas tres obras analizadas. Así, n’*Os nenos* escribe *craro*, *co galo*, *estrano*, *sonos* ‘soños’, *verselo* ‘versículo’, *cristaiña*, *ambiente*, *outos* e *soma* ‘sombra’; n’*O Vigairo* rexístrase *outas*, *montanas*, *sono* ‘soño’, *entranas*, *brilo*, *orgulo*, *azuado*, *encruceladas*, *inesquescibres*, *retabro*, *ampriar*, *Tempo*, *perfeita arquitectura*, *reitificar*, *hermidaño* e *cencia*; e en *Agromar* documéntase o *exemplo* de Rosalía e os *hourizonte*, *montana* e *primaveira* de Curros, xunto con voces das obras da década de 1920 como *outo(s)*, *estrano*, *orgulo* e *inesquescibres* (e *espricadas*).

Moderniza o seu galego con arcaísmos léxicos, a maioría da tradición literaria da segunda metade do séc. XIX. N’*Os nenos* hai arcaísmos gráficos como *apodrescidos* e léxicos como *almasí* ‘marfil’, que introduce no galego moderno<sup>14</sup>, *eirexa*, *senlleiro* e *vegadas*. N’*O Vigairo* rexístrase *castelás* (adx.), *cibdade*, *cibdadáns*,

14 O lema no DRAG (2012) en liña é *almafí*, pero desta forma non hai ningún rexistro no TILG, pois os 7 que aparecen no TILG son de *almasí*; o derradeira é do 1934, de Carballo Calero, que xa a usara no 1931. As outras documentacións son da revista *Nós* e de obras de Risco, Bouza Brey e Delgado Gurriarán. A palabra *almasí* aparece nos *Miragres de Santiago*, pero debe ser un erro de lectura, por *almafí*, que é como se lle chamaba ó ‘marfil’ en galego antigo. Na escrita medieval había un S (“s alto”) parecido a un “f” (pero sen a tranquiña), polo que poida que López Aydllo, de onde vén a palabra de Filgueira (e despois Xosé Luís Pensado), lese o f como s alto.

doores, eirexa, leixar, pobo<sup>15</sup>, ren e vegada, que formaban parte do galego literario, e as formas *lez* ‘mar’ (e *lezes*) e *tiduo* ‘título’, que se documentan por primeira vez no galego moderno. En *Agromar*, entre outros, usa *castelán* (subs.) e *galego* (subs. e adx.), *avinza*, *door*, *pobo* (referido á xente “cantos do pobo”), *ren*, *tiduo* e *vegadas* (en concorrencia con *vecas*). No que respecta a formas coas terminacións *-zo*, *-zón*, n’Os *nenos* rexístrase o arcaísmo *desprezo*, hoxe forma do estándar; n’O *Vigairo* usa a forma *vexetazón* e nesta obra e en *Agromar* o falso arcaísmo *silenzo*<sup>16</sup>.

N’Os *nenos* usa formas latinas cultas coma o adx. *albo*, *alba* (“meixelas albas de almasí talladas i-as mans albas de albo tersopelo”), en concorrencia co xermanismo *branco* (“dentes brancos” e “rapás branco”), e o latinismo *gáudios* ‘gozos’, que introduce no galego escrito, como tamén o fai co cultismo *tebrescido* n’O *Vigairo*<sup>17</sup>. Emprega empréstitos do francés como *sortiron* ‘saíron’ do relato *Os nenos* (podería ser un catalanismo ou un occitanismo), *gilda*<sup>18</sup> ‘gremio’ n’O *Vigairo* e *pa-tois* en *Agromar*. Empréstitos portugueses son *anceio* ‘desexo’ (adaptación gráfica de *anseio*) n’O *Vigairo* e en *Agromar*; *ar* ‘aire’ n’O *Vigairo*; *estudos* e *estudaba* nas verbas limiares de *Agromar*, pero *estudios* e *estudiar* no texto dramático; *rochedo* n’O *Vigairo*, en concorrencia coa forma popular *cons*; *sino* ‘campá’ n’Os *nenos* e n’O *Vigairo*; e *somentes* nas tres obras analizadas.

## 5. O LÉXICO MARIÑEIRO D’O VIGAIRO

Neste breve e fermoso “ensaio simbólico” hai unha gran riqueza de termos mariñeiros, uns formaban parte da tradición literaria, pero outros introdúceos Filgueira no galego escrito. Non é de estrañar esa riqueza léxica porque *O Vigairo* é unha homenaxe ó Gremio de Mareantes pontevedrés e ó barrio mariñeiro da Moureira. Quere facer a “cantiga á boa vila mariñeira de antano”, como reza na dedicatoria da obra ó seu mestre o historiador Casto Sampedro, autor da triloxía *Colección de documentos para la historia de Pontevedra*; o volume III, datado no 1904, trata das ordenanzas dos mareantes pontevedreses organizados arredor da confraría do Corpo Santo, a máis importante das confrarías do litoral galego. Sampedro preparara un tomo con vocabulario destes mareantes que se ía editar no 1930, pero perdeuse ese tomo.

15 *Pobo* no sentido de xente (“A vila do Vigairo ten tres pobos: un gabexa ao mar, outro traballa na terra, outro suga os celmes da terra e do mar”), pero tamén como lugar, que debe ser calco do castelán (“O pobo do mar estendeuse nas dúas ribeiras do Lerez dende o Burgo a Portosanto, de unha banda, e de outra das secas de Santa Crala a Mollabao”).

16 En *Agromar* rexístrase *maldizoando*. O verbo *maldizoar* introdúceo no galego moderno Florencio Pol no 1838 e úsao Pintos en 1953 n’A *gaita gallega*. Debeu formarse sobre o arcaico *maldizçon*.

17 No texto impreso lese *lebrescido*, que, con autorización de Filgueira, se corrixiu no TILG en *tebrescido*.

18 A voz francesa *gilde* designaba na Idade Media unha asociación ou cooperación de persoas que exercían unha actividade común, xeralmente mercadores, con regras e privilexios específicos.

Filgueira ocupárase de temas relacionados coa historia de Pontevedra, que no séc. XVI era a vila máis poboada de Galicia. Disto é boa proba o seu libro *Archivo de mareantes* (1946), en que pretende evocar como era o arrabalde da Moureira e o vello gremio pontevedrés dos mareantes “valéndose principalmente de documentación de arquivo e de tradicións e restos materiais, pero tamén fai un esforzo para amosar que a vinculación de Pontevedra ó mar non desapareceu de todo no presente século, malia a perda de capacidade portuaria por razóns naturais e culturais”, tal como salientara González Reboredo (1998: 21) no Simposio de Antropoloxía Mariñeira *Galicia un reencontro co mar*, dedicado á memoria de Filgueira, celebrado no Museo de Pontevedra e na illa de Ons en xullo do 1997, no que participei cando empecei a me preocupar pola nosa cultura marítima.

Nas embarcacións da obra menciónase o *trincado*<sup>19</sup>, que Eladio Rodríguez define no seu dicionario como “embarcación de carga y pasaje de las rías gallegas, con un solo palo muy caído hacia popa y una sola vela al tercio”; a *pinaza*<sup>20</sup>, barco de pesca e de cabotaxe; o *pirlo*<sup>21</sup>, bote pequeno; a *gamela*, barco xeralmente de pequeno tamaño, con proa e popa achatadas (ou con proa en punta), co fondo plano e algo arqueado que permite que navegue con pouca auga<sup>22</sup>; e a *dorna* (“o corpo ben feito como o dunha dorna”), barco de proa picuda con roda bastante lanzada e popa en estampa, tamén lanzada, que lle dan unha fasquía inconfundible<sup>23</sup>. As primeiras documentacións no galego escrito dos termos *pinaza*, *pirlo*

19 Vid. *DdD* s.v. *trincado*. No *TILG* a 1ª documentación é de 1894, nun relato breve de Julio D. Sotelo (?); as seguintes son de Filgueira n'Os *nenos* e n'O *Vigairo*.

20 No dicionario de Eladio Rodríguez, a pinaza defínese como “antigua embarcación pesquera usada en las rías de Pontevedra y Vigo, y en las costas de Galicia y Portugal” e tamén como “barco de vela de unas 400 toneladas, dedicado al cabotaje en el litoral gallego”. Ademais, dáse a seguinte información: “la PINAZA aparece ya como barco pesquero en los fueros de Pontevedra del siglo XIII, que eran recopilación de materia antigua. Se empleaba además como barco de pasaje y de tráfico, a vela y a remo; pescaba a la *secada* y al *cercos*; debió ser ligera y estrecha, pero no tan segura como la *DORNA*, y fué desapareciendo al entrar el siglo XX” (*DdD*, s. v. *pinaza*).

21 No dicionario de Eladio Rodríguez, o pirlo era a “última de las embarcaciones menores que componían la flotilla de cada *cercos*, cuando este arte de pesca estaba en su apogeo”. Ademais, D. Eladio achega esta información, que tira de Casto Sanpedro: “era un pequeño bote destinado a pequeños servicios del orden auxiliar menor, pues relacionaba unos botes con otros; éstos con el *trincado*; servía el arte del *cercos* en varios pormenores, como llevar cabos o cuerdas a tierra, velar el *RABIZO* y completar las relaciones entre la playa y el mar. Tenía cuatro remos, poca manga, tres o cuatro bancadas y cuatro hombres” (*DdD*, s. v. *pirlo*).

22 As táboas do costado da gamela van construídas a tope (e non a calime como nas dornas), de xeito que a parte saínte dunha encaixa na entrante da outra; esas táboas levan uns reforzos no canto de cadernas. Carece da quilla da dorna e doutros barcos.

23 Esta embarcación segue a aparelarse con vela de relinga ao terzo, a trapezoidal vela atlántica, coa que tamén se aparelaban as lanchas xeiteiras galegas e as chalupas sardiñeiras de Bretaña. Estudada etnográfica e antropoloxicamente por Xoaquín Lourenzo, Ricardo Mora, Staffan Mörling e S. Páramo Aller, entre outros, a dorna converteuse na literatura galega, e de xeito especial na poesía, nun dos símbolos da singularidade da nosa cultura, o que explica a súa presenza en infinidade de textos poéticos, desde o pre-Rexurdimento á actualidade, tanto en escritores da beiramar coma da Galicia interior.

(bote)<sup>24</sup> e *gamela* están n'O *Vigairo* de Filgueira e a 2<sup>a</sup> do termo *trincado* está nesta obra.

Nas partes dunha embarcación aparece o *courel*, listón de madeira que arrodea a parte exterior da borda de los barcos, termo que introduciu Pondal no 1886, pero n'O *Vigairo* ten acepción metafórica (“rachada por miudos regueiros o mollal-o courel nas augas e que escintila na tona das pedras do Morrazzo”); o *panel*, compartimento no que se garda o aparello ou o peixe (“a sardiña caíndo no panel da i-arca, bulindo, escintilando, enchendo todo!”); e a *tilla*, compartimento baixo da cuberta de proa para gardar roupa e utensilios, que nos barcos grandes serve para durmir (“Na sua tilla dormen, agardando o raia da i-alba, os mortos mariñeiros”).

Introduce no galego escrito o termo *atalieiro*, un dos vigairos do gremio de mareantes de Pontevedra, que tiña como misión principal elixir a pinaza máis lixeira, dotala cos mellores remeiros, e vogando ou veleando percorría a ría en todas as direccións para coa vista dar coa sardiña, seguila e chamar o trincado para que viñese axiña á posta onde estaba o peixe para poder tomalo<sup>25</sup>.

No léxico relativo á pesca de baixura refírese ós dous momentos en que se dan lances importantes, a *luzada* (“luzada da i-alba”), claridade que precede a saída do sol, e o *asexo*, claridade leve que se dá pouco despois do solpor e antes de ser noite. *Luzada*, voz común en portos arousáns, introduciuna Cabanillas no galego

---

O cambadés Ramón Cabanillas foi un dos seus mellores cantores e o mindoniense Álvaro Cunheiro, con raíces familiares en Cambados, fixo filigrana poética coa dorna como motivo. Entre os moitos autores que se marabillaron con esta embarcación están Manuel Antonio, Antón Zapata García, Luís Amado Carballo, Xulio Sigüenza, Álvaro de las Casas, Ánxel Sevillano, Pura Vázquez, Xohana Torres, Salvador García-Bodaño, Darío Xohán Cabana e Xosé Luís Méndez Ferrín.

24 Hai un peixe que se denomina *pirlo*, cuxa 1<sup>a</sup> documentación é do 1861, de Xoán Manuel Pintos.

25 Segundo Eladio Rodríguez, o *atalieiro* “era uno de los vicarios del gremio de mareantes de Pontevedra, y sus funciones alcanzaban a todos los *TRINCADOS* de las faenas pesqueras. Mantenía el orden; procuraba la armonía de los intereses de unos y otros; castigaba a los que desobedecían sus mandatos, a los que infringían las prescripciones escritas y a los que no guardaban los usos, las normas y las costumbres de los varios sistemas de pesca; y muy particularmente le estaba encomendado vigilar por la igualdad del momento en que todos los *CERCOS* debían lanzarse al descubrimiento de la sardina y suspender la pesca al término de la semana, levantando para ello, desde el *TRINCADO*, un pendón o bandera que obligaba a todos a regresar al puerto. Era la única y alta autoridad de marina en el mar; era la ordenanza viva y en acción; se elegía por los individuos de cada *CERCO*; señalaba los días del principio y fin de la pesquera; inspeccionaba el estado de las redes y de los cercos antes de la salida al mar; cuidaba que la red fuese cuidadosamente recogida y ordenadamente transportada al *PEIRAO* y colocada en el *TRINCADO*; obraba como patrón entre los patrones y sobre los patrones de los barcos, incluso el mestre del *TRINCADO*, y daba pauta a los movimientos de todos los que integraban la sociedad, regulando la marcha, la dirección, el alto en un punto cualquiera del mar y la aproximación a la *POSTA* en que debían verificarse los lances. Su misión principal consistía en elegir la *PINAZA* más ligera y voladora, dotarla con los más fuertes remeros, y con ellos o a la vela, recorrer en todas direcciones la ría, poniendo a prueba el sentido de la vista para dar con la sardina, seguirla y hacer el *CHAMO* al *TRINCADO* para que acudiese lo más pronto posible a la *POSTA* o punto designado” (*DdD* s. v. *atalieiro*).

escrito no 1913, mentres que foi Filgueira quen o fixo coa acepción mariñeira de *asexo*. Usa o termo *escurada* (“De outra vez andando á escurada ollou no fondo do mar”), da que a 1ª documentación é do 1911, de Leiras Pulpeiro (“Van as lanchas prá sardiña, que esta noite hai escurada”).

Emprega a voz *caldeiradas*, que introduciu Cabanillas no 1913 na acepción mariñeira para se referir a unha comida de peixe cocido con patacas, ó que se lle engade allada, rustrido ou mollo preparados á parte; e na nomenclatura da fauna rexístranse nomes de peixes ben coñecidos como *sardiña* e *xurel*, os cetáceos *candorca* e *golfinho*, o cefalópodo *bufa*, que é como se coñece a xiba en Cesantes (Redondela), e o molusco gasterópodo *buguina*, voz propia da ría da Arousa (e de Portonovo na ría de Pontevedra), da Costa da Morte e do Golfo Ártabro. Despois de H. Pérez Placer en 1895, Filgueira é o 2º en usar o termo *golfinho* e é o introduutor no galego escrito das voces *candorca* e *bufa* e tamén de *arneirado* (“arneirados cons”), adx. creado sobre *arneirón*, termo propio das Rías Baixas e da Costa da Morte para designar un diminuto crustáceo que cobre os cons e que se pega á obra viva dos barcos.

Emprega termos comúns como *aparello* para a rede, *colcho* para a parte en que van os corchos (introduce ese termo no galego escrito) e *halar* para a acción de atraer o aparello, levantándoo ou tirando del con forza, por medio dun cabo ou de algo semellante (“Cantas vegadas botou o colcho e agardou, arelante, o surdir da rede empanada, alandose no carro”). Usa a forma *bourel*, a boia composta de cortizas unidas ou de obxectos semellantes, que sosteñen un extremo de cada peza do xeito para que colguen verticalmente; pero Filgueira usa o termo *bourel* nunha fermosa metáfora: “antre o mar de casas, as súas agullas [as da basílica de Santa María de Pontevedra] son boureles ergueitos na mollada chaura”.

No relativo ó estado do mar rexístranse moi diversos termos. Para cada unha das elevacións producidas polo vento na superficie do mar emprega como sinónimos *onda* (“O mar brua remexendo nun anceio tolo o seu almofar de ondas, batendo nos cons a outa testa de escume”) e *vaga* (“Na ribeira, os nenos mergullanse nas vagas”), termo este que introduciu no galego escrito Leiras no 1912, mentres que Antonio de la Iglesia no 1861 introducira *onda*. Usa *maruxía* para o mar moi axitado, e non a forma *marusía*, que introduciu Cabanillas no 1913 e que é a do estándar actual; e usa *salsear* (“a i-auga dos remos salseáballe”) para designar as pingas da auga do mar que entran no barco ó vogar ou pola acción do vento, termo que introduciu Cabanillas no 1921 e que en Filgueira está a 2ª documentación.

A voz *xerfa* aparece no 1926 no *Vocabulario* de Filgueira, Tobío, Magariños e Cordal Carús definida como “Superficie, en particular del mar. Fajas espumosas que se forman cerca de las costas”. Ese mesmo ano Dieste introdúcea no galego literario; a 2ª documentación é de Filgueira, que a usa n’O *Vigairo* con sentido

metafórico (“O manto albeiro da Virxe Branca fendera a xerfa estremecida”). O fío de auga que deixa o barco pola popa denomínase en falas arousás *ronsel* (na Mariña de Lugo *rasel*), termo que se ancheou semanticamente e que hoxe está incorporada ó galego común con acepción figurada semellante á que se rexistra en Filgueira: “o sagreficio d’il non tivo *ronsel* na xerfa do mundo”. O termo *ronsel* introduciuno Euxenio Montes no 1922.

N’O *Vigairo* hai oito rexistros de *peirao*, que se documenta por 1ª vez no galego literario no 1853 n’A *gaita gallega* do pontevedrés Xoán Manuel Pintos, e dous rexistros de *cons* ‘rochas’. Usa *fiancho* (“Recenden no teu pasamento os fianchos da ribeira; xa ti lles deras o recendor do argazo”) para se referir a un tipo de furna, tal como lle explicou Filgueira a Santamarina, acepción que non aparece recollida en ningún dicionario. E tamén emprega a forma tan mariñeira *patela* ó se referir a Santa María, a igrexa dos mareantes e sabor da Moureira, “feita, braza a braza, pol-o diñeiro dos probes. As patelas de peixe, doadas en avinza, foron erguendo paseniñamentos nos tempos dos antergos”.

## 6. REMATE

O galego literario do primeiro Filgueira é o da súa época, a do Seminario de Estudos Galegos, da que o polígrafo pontevedrés foi un dos fundadores no 1923 e no que dirixiu a sección de Historia da Literatura ata que o Seminario foi desmantelado co golpe franquista de xullo do 1936. Un esteo importante da súa lingua é o galego oral da súa Pontevedra natal (e posiblemente tamén o da bisbarra pontevedresa e bisbarras veciñas), como se aprecia nalgunhas escollas morfolóxicas e léxicas; outro esteo fundamental é a tradición literaria que viña do pontevedrés Xoán M. Pintos, das tres “coroas” do Rexurdimento, de Lamas Carvajal, de López Ferreiro, de Cabanillas e dos escritores da Xeración Nós, entre outros.

Esta tradición explica a variación que se rexistra nalgúns fenómenos morfolóxicos e, sobre todo, foi a que lle permitiu rexenerar e enxebriar o léxico nunha dobre dirección, diferencialista e hipergaleguista, como facían os literatos e ensaístas coetáneos, sempre na procura dun galego coidado e afastado do castelán. O coñecemento que Filgueira tiña do galego medieval e do mundo mariñeiro do barrio da Moureira permitiulle introducir diversos termos no galego escrito moderno, pois, como se viu, un bo quiñón de voces da xente do mar teñen neste polígrafo a primeira documentación ou unha das primeiras, e o mesmo ocorre con algunha forma medieval.

Nunha mesma obra, coma *Os nenos*, conviven o termo popular “pontevedrés” *fazulas* e o literario *meixelas*, os dous con tradición literaria deste mediados do séc. XIX. Chocoume o emprego de *piorno* n’O *Vigairo* no canto do pontevedrés *canastro* para designar o hórreo; poida que se dixese na Pontevedra da súa



época, poida que sexa unha homenaxe á escasa poesía en galego de Valle-Inclán, que Filgueira editou, pois nun dos dous poemas o autor das *Sonatas* emprega ese termo propio de Vilanova da Arousa, de Cambados e doutros concellos do Salnés, forma tan popular que dá nome a establecementos de hostalaría ou de restauración da comarca. Tiña que ser voz ben coñecida para el porque tamén a usou no 1990 no discurso de clausura do Simposio de Antropoloxía *Lindeiros da Galeguidade I*<sup>26</sup>.

O seu diferencialismo e hipergaleguismo é froito da procura dunha lingua descastelanizada dos autores do primeiro terzo do pasado século. Os hipergaleguismos da época enxebrista, que continuaron ata ben entrada a década de 1970, as *outas montanas* de Cabanillas, Pedrayo, Filgueira e tantos outros fóronse indo co vento na actual xeira en que o galego é cooficial; con todo, boa parte do diferencialismo léxico para evitar formas galegas comúns ó castelán segue vixente, como se ve no uso, ás veces abuso, de *bágoa*, *doado*, *intre*, *ledicia*, *rachar* e tantas outras palabras. Tamén se dá o fenómeno contrario ó usarse (e abusarse) formas literarias e da normativa vixente como *estrelamar* ou *rochas*, semellantes ás castelás, sen case usárense as patrimoniais *gradicela* ou *cons*, tan vivas en falas das Rías Baixas.

En *Agromar* hai un galego moi coidado, con menos variación morfolóxica nalgúns puntos; co uso de formas verbais non pontevedresas que son as do actual estándar (*salla*, *valla*, *sexa* e *trouxen*); e co emprego de voces como *sandar* e *gañar*, e non os castelanismos *sanar* e *ganar* tan populares, ou con termos como *esteo*, se cadra termo máis galego ca *piar*, posible calco do castelán *pilar*. N'Os *nenos* gustoume ler a forma *comesto* (“caliveras comestas de bechocos”), que desde meniño escoitei a meus pais, aínda que eu tenda a usar sempre a forma *comido* cando algo está *comesto*; e encantoume a lectura d'O *Vigairo* e do mundo das xentes do mar que nela se reflicte, unha obra que Filgueira asina cando contaba con tan só 19 anos.

26 “De tal xeito que cando Angel del Castillo falaba das «pallazas» (sic): Krüger, dos aparellos; Frankowski, dos piornos; Gadow da vida social; cando Menéndez Pidal, Hervella e Olmeda anotaban romances e cantigas; [...] estaban de certo descubríndono-la Galicia máis galega” (Filgueira 1991: 171).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Carballo Calero, Ricardo (1974): “La constitución del gallego como lengua escrita”, *Verba* 1, 31-40.
- DdD (2006-2013) = Santamarina, Antón (dir.): *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> [Data de consulta: 20-24 maio 2016].
- DRAG (2012) = Real Academia Galega: *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG. <http://academia.gal/dicionario> [Data de consulta: 20-24 maio 2016].
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2001): “A lingua medieval e a súa importancia na elaboración do galego moderno”, en Antonio Cortijo Ocaña, Giorgio Perissinotto e Harvey L. Sharrer (eds.), *Estudios galegos medievais*. Studia Hispanica Californiana, 1. Santa Barbara: University of California, 17-42.
- (coord.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. T. IV Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2013): “Prestixiando o galego: de Manuel Luís Acuña a Marcos Valcárcel. Notas sobre a constitución da lingua literaria”, en Xoán Carlos Domínguez Alberte (ed.), *Actas do IV Congreso Manuel Luís Acuña (A Pobra de Trives 19-21 de novembro de 2009)*. A Pobra de Trives: Concello, 11-32.
- Fernández Salgado, Benigno e Henrique Monteagudo Romero (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Henrique Monteagudo (comp.), *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- Filgueira Valverde, Xosé F. (1925): *Os nenos*. Pontevedra: Lar.
- (1927): *O Vigairo. Ensaio simbólico, orixinal e inédito*. A Cruña: Lar.
- (1936): *Agomar. Farsa pra rapaces*. Lugo: Palacios.
- (1991): “Palabras de clausura”, en Xosé Manuel González Reboredo e Xosé Antonio Fernández de Rota (coords.), *Lindeiros da Galeguidade I. Actas do Simposio de Antropoloxía (5, 6, 7 de xullo de 1990. O Cebreiro, A Pobra de Navia, Vilafranca)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 171-172.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1998): “Novo achegamento á obra de don Xosé Filgueira Valverde: Pontevedra e o mar”, en Francisco Calo Lourido

(coord.): *Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam Xosé Filgueira Valverde. Pontevedra 10-12 de xullo, 1997*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 15-28.

Monteagudo Romero, Henrique (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fio do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de Lingua* 14, 5-33.

TILG (2016) = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [Data de consulta: 20-24 maio 2016].